

# María Victoria Moreno soñadora, insurrecta, amiga dos animais: tres perfís dunha escritora

Miguel Vázquez Freire

REVISTA GALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA



ISSN: 1132-8932

Páx. 90

Fina Casalderrey e Marilar Aleixandre: *María Victoria Moreno. A muller que durmía pouco e soñaba moito*. Xerais, 2018.

Motse Pena Presas: *A voz insurrecta. María Victoria Moreno, entre a literatura e a vida*. Galaxia, 2018.

Ánxela Gracián: *Doce cartas a María Victoria Moreno*. Ilustracións de Antonio Seijas. Hércules de Ediciones, 2018.



Tres breves apuntamentos biográficos sobre a autora a quen se dedica este ano o Día das Letras Galegas, os tres idóneos para dar a coñecer a autora ao alumnado dos centros de ensino de Primaria e Secundaria. Non hai, como cabería agardar, ningún elemento disonante nos relatos dos principais eventos da vida de María Victoria Moreno, a docente vocacional que, nacida por un azar nunha vila estremeya no ano final da guerra civil (hai coincidencia plena, nos tres libros, en recoñecer que o pequeno misterio da data de nacemento foi correctamente resolto hai algúns anos nun artigo de Marilar Aleixandre e Fina Casalderrey), acabou atopando en Galicia a lingua de seu (porque con razón reivindicou en vida que non se sentía unha escritora alófona) na que escribiu a maior parte da súa obra literaria. Mais son tres libros distantes na maneira de afrontar a común temática, coma se, felizmente, sen acordo previo, as ca-

tro autoras concordaran en non repetirse. De maneira que quen queira traballar co seu alumnado pode atopar neles tres variantes, ou mellor aínda, tres modalidades que poderá combinar sen incoherencias porque resultan doadamente complementarias.

O libro das dúas académicas, Marilar e Fina, que mantiveron contacto directo con María Victoria, subliña a dimensión máis persoal e acode aos testemuños de familiares e amizades para trazar un relato onde prima a dimensión máis emotiva, esa María Victoria soñadora que soubo loitar por facer realidade os seus soños. O da crítica literaria Montse Pena ten un enfoque máis descritivo e analítico, cun demorado (aínda que breve polo carácter do texto) estudo de cada unha das obras e unha atención ao papel de dinamizadora cultural da autora, sen eludir aspectos controvertidos que nas outras dúas obras

apenas reciben atención (así, o seu labor de antóloga na polémica edición d'*Os novísimos da poesía galega*). Por último, o da escritora Ánxela Gracián recorre a unha orixinal fórmula, que probablemente resulte a máis axeitada para as primeiras idades, concedendo a voz narrativa a un lobo chamado Lobo que, nas doce cartas que escribe á propia María Victoria, á par que percorre os momentos relevantes da súa vida, vai salientando anacos das súas obras, mesmo con extensas citas directas, o que pode ser un excelente medio para animar á lectura íntegra posterior. E a condición animal dese Lobo amigo da escritora serve para levar o acento sobre un aspecto da persoa de María Victoria Moreno que, desde logo, está presente nas tres obras: a de amiga e defensora dos animais. ■